



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e a identificación dos animais equinos, as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas e as paradas de sementais equinos co servizo a terceiros e se crea o Rexistro Xeral de Explotacións Equinas en Galicia

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se declara paisaxe protexida o val do río Navea

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Facenda a subscripción e posterior desembolso de accións na ampliación de capital promovida pola *Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.*, por un importe de setecentos noventa e dous mil euros (792.000 euros)

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Silleda, para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses no referido concello



## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Mapfre Empresas, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A, para a colaboración na xestión das axudas para a subscrición dun seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Vigo, para a realización do IV máster en economía e xestión da pesca e da acuicultura
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Andaluz de Investigación e Formación Agraria, Alimentaria e da Producción Ecolóxica, para a realización do proxecto de investigación *A perkinsose no litoral español: caracterización de variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hospedador*

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Sarria, para a ampliación da ruta das Aceas, por un importe de douscentos mil euros con un céntimo (200.000,01 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Chantada, para a ampliación e mellora da área recreativa do Castro de San Amaro, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Santiago de Compostela, para a ampliación e mellora do centro de recollida da animais vagabundos ou abandonados, por un importe de cento oitenta mil euros (180.000,00 euros)



## **APROBADO O DECRETO DE ORDENACIÓN DO SECTOR EQUINO EN GALICIA**

- ***Segundo un decreto aprobado polo Consello da Xunta, a Consellería do Medio Rural establecerá un sistema obrigatorio de identificación individual do gando cabalar e creará un Rexistro Galego de Explotacións Equinas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de ordenación do sector equino en Galicia, que ten por obxectivo establecer e regular o sistema obrigatorio de identificación individual dos équidos e o seu rexistro, ademais de dispor as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos con servizo a terceiras persoas e o Rexistro Galego de Explotacións Equinas.

O documento recolle que a explotación de équidos con diferentes finalidades representa unha clara opción na diversificación da actividade gandeira cun potencial económico de indubidable valor para o desenvolvemento do medio rural galego. Para o harmónico desenvolvemento das potencialidades do sector equino faise necesario sentar as bases da súa ordenación mediante a elaboración de normativa que permita unha axeitada xestión produtiva e o eficaz control sanitario do gando.

O ámbito de aplicación será para todos os équidos e as explotacións equinas radicadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, será de aplicación para équidos cuxa estadía temporal na Comunidade Autónoma de Galicia supere o período de tres meses.

Con carácter xeral, as explotacións contarán cunhas instalacións que garantan o nivel axeitado de hixiene e benestar dos animais que albergan, de acordo coa súa capacidade.

O decreto establece tamén o procedemento para a identificación individual e rexistro dos équidos e as particularidades da identificación de équidos en explotacións extensivas en liberdade.

Así, no relativo á identificación e rexistro individual dos équidos o titular do animal, cando non sexa o seu propietario, actuará en nome e de acordo con este. Os équidos de crianza e renda, nados en Galicia, agás os mantidos en estado salvaxe ou semisalvaxe en explotacións extensivas en liberdade, serán identificados por instancia do seu titular, antes de que transcorran seis meses desde o nacemento do animal ou antes do 31 de decembro do ano do seu nacemento. O titular poderá elixir para realizar a identificación, de entre as dúas datas, a máis tardía.

Os équidos de crianza e renda identificaranse logo da solicitude do seu titular, cubrindo un "Libro de identificación e sanidade equina" (LISE), como documento de identificación único, que será emitido pola consellería competente en materia de sanidade e produción animal logo do pagamento das taxas correspondentes. Para garantir un vínculo inequívoco entre o LISE e o animal procederase á implantación dun transpondedor ou



microchip que se inxectarán no terzo anterosuperior esquerdo do pescozo baixo o ligamento nocal. O transpondedor conterá un código numérico identificativo, así a cada équido identificado electronicamente se lle asignará un número permanente único (NPU) válido para toda a vida do animal conformado por 15 caracteres.

Os équidos identificados quedarán inscritos nunha base de datos informatizada que para o efecto creará a consellería competente en materia de sanidade e produción animal.

Ademais, mediante o decreto créase o Rexistro Galego de Explotacións Equinas, integrado no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA), no que figurarán inscritas a totalidade das explotacións de équidos da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do número de animais que as compoñan.

Establecerase tamén un Rexistro de Pastos de Uso Común e das explotacións que inclúe, de cara ao aproveitamento gandeiro, co fin de favorecer a ordenación de usos do monte. Isto contribuirá á ordenación do sistema de explotación extensivo de silvopastoreo, baseado no aproveitamento das producións forraxeiras espontáneas dos montes que contribúen ao control do crecemento de materiais combustibles e á prevención de incendios forestais.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DO VAL DO RÍO NAVEA, EN OURENSE, COMO PRIMEIRA PAISAXE PROTEXIDA DE GALICIA

- *Esta declaración acóllese á figura de paisaxe protexida, recollida na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, e avanza na Lei de Protección da Paisaxe, aprobada polo Goberno galego este ano*
- *A declaración ten por obxectivo recoñecer xuridicamente aqueles espazos que pola súa singularidade natural, estética ou cultural, merecen unha especial protección*
- *A catalogación do val do Navea como paisaxe protexida obedece as súas características paisaxísticas, entre as que destaca a vexetación arbórea ea conservación das especies de fauna e flora e dos seus hábitats*

A Xunta deu hoxe luz verde ao decreto de declaración do val do río Navea, en Ourense, como a primeira paisaxe protexida de Galicia. Deste xeito, o Goberno galego dotará a esta zona, comprendida entre os municipios de San Xoán de Río e A Pobra de Trives, dunha figura legal para a protección da súa singularidade natural, estética e cultural.

Esta declaración, contemplada na Lei 9/2001 de conservación da natureza, avanza na aplicación da Lei de Protección da Paisaxe, aprobada este ano pola Xunta, que ten como obxectivo recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas para a súa conservación, protección, xestión e ordenación, servindo como marco de referencia para todas as lexislacións, plans e programas que poden influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, e en especial cando afecten espazos de alto valor natural e cultural.

Esta norma, que ten os seus principios inspiradores no Convenio Europeo da Paisaxe, aprobado en Florencia no ano 2000 por proposta do Consello de Europa; incide na necesidade dun réxime de protección dirixido expresamente á conservación das paisaxes, como espazos que polo seus valores singulares merecen unha preservación especial.

Neste senso, no val do río Navea consérvase unha paisaxe tradicional, marcada polo predominio da vexetación arbórea. Nela resulta de grande interese, por un lado, a conservación e a protección das especies de flora e fauna e dos seus hábitats, atendendo á súa singularidade e representación na zona central de Galicia, e polo outro, a súa importancia como corredor biolóxico entre o Macizo Central e o sistema fluvial Miño-Sil.

A declaración do val do río Navea como paisaxe protexida, ten como obxectivos concretos:

- ❖ Conservar e protexer os elementos da paisaxe, e especialmente os tipos de hábitats de interese comunitario, as poboacións e os hábitats das especies de flora e fauna silvestre de interese comunitario, así como as especies incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas.



- ❖ Ordenar o espazo proposto, coa posta en marcha de actuacións que consigan dotar a zona de instalacións para o uso e desfrute dos visitantes sen que supoña un risco para a conservación dos valores naturais.
- ❖ Promover o coñecemento da zona, especialmente dos seus valores naturais, e potenciar o desenvolvemento de programas de investigación, educación ambiental, e doutras actividades relacionadas coa natureza.
- ❖ Promover a economía da zona, potenciando programas sectoriais de mellora das actividades relacionadas co uso público e o turismo sustentable e respectuoso co medio. Para iso buscarase a implicación dos habitantes da zona nun proxecto común de conservación e desenvolvemento guiando o potencial uso turístico recreativo cara a modelos compatibles e respectuosos cos obxectivos de conservación da natureza.
- ❖ Promover a adopción das medidas tendentes a asegurar a axeitada protección daqueles lugares de interese etnográfico ou cultural, derivado da relación tradicional entre o medio natural e a poboación.

Tras a declaración da primeira paisaxe protexida de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente elaborará un plan de acción específico para o Val do Navea, encamiñado á protección do entorno paisaxístico e a aplicación das medidas necesarias para a posta en valor e desenvolvemento sostible da zona. Os contidos deste plan de acción serán acordados entre os responsables da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e os veciños da zona nunha reunión que se convocará proximamente.



## **A XUNTA DESTINA 792.000 EUROS Á XESTORA DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA PARA ABORDAR A AMPLIACIÓN DA SUPERFICIE DISPOÑIBLE PARA NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Facenda a subscripción de accións na ampliación de capital promovida pola sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia co obxectivo de desenvolver o plan de crecemento da Tecnópole. A operación ascende a 792.000 euros e corresponden á participación proporcional da Administración galega no capital da xestora, que se manterá no 45% despois da ampliación. Con esta operación, a xestora de Tecnópole prevé abordar a ampliación das parcelas e incrementar a oferta de solo industrial para a instalación de empresas.

Na actualidade, o Parque Tecnolóxico de Galicia, situado en San Cibrao das Viñas (Ourense), está plenamente consolidado e nas súas instalacións aséntanse empresas dos sectores máis innovadores da economía galega (aeronáutica, telecomunicación, moda, enerxías renovables). O nivel de ocupación de terreos é moi elevado e supera o 90% do solo. Ante esta situación, a sociedade xestora do Parque Tecnolóxico precisa adquirir novas parcelas, aumentando así a superficie dispoñible para novas implantacións empresariais. O obxectivo final é dobrar a superficie actual pasando de 550.000 metros cadrados a preto de un millón de metros cadrados.

Tecnópole alberga actualmente máis de 30 empresas en parcelas (o 85%), e medio centenar en niños de aluguer (plena ocupación). En 2007 a facturación de empresas da Tecnópole superou os 123 millóns de euros, e o número de traballadores ascendeu a 1.700. O obxectivo para o 2012 é acadar as 180 empresas cun emprego de tres mil traballadores e unha facturación de 200 millóns de euros.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINA 215.000 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DE DÚAS ÁREAS DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES EN SILLEDA**

- ***O proxecto contribuirá a potenciar o uso do transporte público e axudará á reordenación do tráfico facilitando e mellorando a calidade do servizo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o concello de Silleda (Pontevedra) para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses no centro desta localidade. A CPTOPT achegará un total de 215.000 euros repartidos en dúas anualidades para financiar as ditas actuacións

A construción destas áreas de estacionamento contribuirá a potenciar o uso do transporte público e, ademais, axudará á reordenación do tráfico dos autobuses facilitando e mellorando a calidade do servizo aos usuarios.

Segundo o texto do convenio que se asinará proximamente, a Consellería de Política Territorial elaborará, supervisará e aprobará o proxecto de construción das dúas áreas de estacionamento. Así mesmo, a CPTOPT encargárase da adxudicación, dirección e recepción das obras.

Pola súa banda, o Concello de Silleda porá á disposición de Política Territorial os terreos necesarios para executar as obras, libres de cargas e cos usos urbanísticos que correspondan. Tamén, unha vez rematadas as obras, asumirá a explotación, mantemento e conservación das ditas instalacións.





## O GOBERNO GALEGO RENOVA E MELLORA O SEGURO DO MAL TEMPO

- ***Nesta nova convocatoria do seguro de mal tempo redúcense os días de inactividade necesarios para cobrar o seguro***
- ***Inclúese a forza do vento como variable para acceder ás indemnizacións***
- ***O obxectivo é evitar que os mariñeiros saian a faenar en situacións de risco evidente***
- ***Garántense ingresos equivalentes á media dos obtidos ao faenar en condicións normais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Mapfre Empresas, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. para a colaboración na xestión das axudas para subscribir un seguro de indemnización diaria en caso de paralización temporal e perda de produción por mor de condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia. Nesta convocatoria do seguro de mal tempo, redúcense os días de inactividade necesarios para cobrar as indemnizacións ao tempo que se inclúe como variable a forza do vento.

Esta cooperación non implica o manexo por parte da entidade colaboradora de fondos públicos xa que o pagamento será realizado polo órgano xestor da axuda (a Consellería de Pesca) unha vez remitida a certificación emitida por Mapfre da listaxe dos beneficiarios con certificación dos seguros subscritos.

Segundo o convenio, estarán entre as obrigas da compañía recibir e rexistrar as solicitudes formuladas polos interesados ao amparo da orde pola que se convocaron as axudas do seguro de mal tempo, comprobar que os solicitantes teñen asinado o seguro e reúnen os requisitos para acceder a el, e remitir a Pesca unha relación dos solicitantes cos seus correspondentes expedientes. Así mesmo, deberá trasladar á consellería canta información lle sexa requirida e someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que poida levar a cabo a Administración pesqueira galega en relación á xestión das subvencións.

Pola súa banda, o departamento autonómico aboará á entidade colaboradora o importe correspondente á axuda concedida pola Xunta aos tomadores do seguro, subministrará a Mapfre a información necesaria para o desenvolvemento das funcións encomendadas e achegará unha compensación económica polos gastos xerados no exercicio das funcións encomendadas e reguladas no convenio en función das unidades adheridas ao seguro.

O convenio estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2008 coa posibilidade de ser prorrogado polas partes de mutuo acordo e as cuestións litixiosas que xurdan no eido da interpretación, modificación, extinción e cumprimento do protocolo serán resoltas por unha comisión de seguimento que estará composta por un representante da Consellería e outro de Mapfre.

### Seguro de mal tempo



A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), o pasado 24 de outubro, unha orde pola que se establecen as bases reguladoras da axuda dirixida a subvencionar a prima anual do seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por causa de condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia, así como a súa convocatoria para o ano 2008.

Nesta nova convocatoria do seguro de mal tempo redúcense os días de inactividade necesarios para cobrar o seguro, á vez que se inclúe a forza do vento como variable para acceder ás indemnizacións, unhas melloras que non supoñen ningún incremento na prima e que dan cumprimento ao manifestado pola propia conselleira de Pesca, Carmen Gallego, de traballar na dirección de mellorar este produto novidoso para dar resposta ás demandas e suxestións feitas polo sector.

O seguro de mal tempo é unha iniciativa, única a nivel nacional e internacional, posta en marcha polo Goberno da Xunta a finais do ano pasado coa que os mariñeiros e mariscadores galegos poden recibir indemnizacións en caso de paralización e perda de produción por mor de condicións climatolóxicas adversas. Así mesmo, este produto tamén se concibe como unha medida complementaria de seguridade marítima, xa que favorece que os barcos non saian ao mar en circunstancias extremas ante a falta de ingresos e está na liña da aposta da consellería por introducir a cultura do seguro no ámbito da pesca en Galicia.



## **A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORAN NA REALIZACIÓN DO IV MÁSTER EN ECONOMÍA E XESTIÓN DA PESCA E DA ACUICULTURA**

- ***A Consellería de Pesca e o organismo universitario asinarán un convenio polo que a Administración pesqueira galega achegará un total de 25.000 euros para levar a cabo esta iniciativa***
- ***Esta actividade formativa enmárcase no obxectivo do Goberno galego de facilitar a formación das persoas que desenvolven a súa vida profesional no eido da pesca ou queren orientala a este ámbito***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Vigo para a realización do IV máster en economía e xestión da pesca e da acuicultura. Para levar a cabo esta iniciativa, a Administración pesqueira galega achegará un total de 25.000 euros, con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, dos que 15.000 euros son para o actual exercicio e os 10.000 euros restantes para a anualidade 2009.

Entre os obxectivos da Consellería de Pesca está o de apoiar aquelas medidas que incidan na mellora da formación dos profesionais do sector pesqueiro e da avaliación e xestión dos recursos mariños. Así, dada a importancia do máster nese ámbito, era necesario que o departamento autonómico contribuíse tanto na súa organización, prestando asesoramento sobre cuestións marítimo-pesqueiras, como apoiando económica e institucionalmente a súa posta en marcha.

O curso, que comezou no mes de outubro e rematará en xuño do ano que vén, ten unha duración de 500 horas lectivas (50 créditos) e destaca por ser o único de xestión da pesca e da acuicultura que se imparte en Galicia. O máster está dirixido polo Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da universidade viguesa, sendo os seus destinatarios traballadores do sector pesqueiro e licenciados universitarios. De feito, unha das finalidades das accións da consellería é facilitar a formación das persoas que desenvolven a súa actividade profesional na pesca ou queren orientala a ese eido.

A contía achegada por Pesca destinarase a gastos salariais e calquera outro tipo de pagamento aboado ao persoal que desenvolva o máster, derivado da súa execución, así como a cubrir entre outros custos os de publicacións, materiais e consumibles que se xeren como consecuencia da actividade formativa.

Ademais, se na aplicación das accións programadas aparecen circunstancias que aconsellen modificar a programación, esta poderá ser aprobada pola directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro sempre que a variación non implique un incremento do importe total do convenio.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo comprométese a realizar as actividades previstas no convenio e a informar trimestralmente da súa marcha, sendo responsabilidade dela o



seu desenvolvemento. Así mesmo, o organismo universitario ten que reservar cinco prazas para persoal da consellería cunha redución (do 80%) no custo da matrícula, con cargo á contribución feita pola Administración pesqueira galega. En caso de non existir interesados entre os traballadores de Pesca e que queden vacantes algunhas das prazas, estas poderán concederse a outros solicitantes do curso con carácter de bolsas de asistencia.

Así mesmo, en todas as actividades de carácter público e en todo o material que se empregue tanto na divulgación do máster como na súa realización figurará como colaborador a Consellería de Pesca coa súa imaxe corporativa. En caso de controversia sobre a interpretación do convenio, que estará vixente ata o 30 de xuño de 2009, esta resolverase por unha comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes.



## **A XUNTA AUTORIZA A ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO POR PESCA COA USC E O IFAPA PARA O ESTUDO DA PERKINSE NO LITORAL ESPAÑOL**

- ***O Centro de Investigacións Mariñas, dependente da Consellería de Pesca, é a entidade que lidera a realización deste estudo sobre esta enfermidade parasitaria que afecta os moluscos***
- ***En Galicia, esta patoloxía pode afectar a ameixa que se produce nas nosas costas, incidindo negativamente no seu crecemento e capacidade reprodutiva, así como repercutindo na súa taxa de mortalidade***

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto Andaluz de Investigación e Formación Agraria, Pesqueira, Alimentaria e de Producción Ecolóxica (IFAPA) para a realización do estudo sobre *A perkinsose no litoral español: caracterización das variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hospedador*, e cuxa realización está liderada polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA). A través deste documento, a Consellería de Pesca pretende continuar coa colaboración entre as distintas institucións que forman o equipo de investigación, para seguir desenvolvendo este ambicioso estudo e reaxustar o financiamento nas distintas anualidades do proxecto.

Con esta addenda, modificarase a redacción da cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado entre as distintas entidades en 2007 e que ten que ver co financiamento e as formas de pagamento. Isto deriva da modificación da distribución dos gastos solicitada polo investigador principal do proxecto, que foi aprobada polo Ministerio de Educación e Ciencia. Deste xeito, a cláusula cuarta establecerá que a cantidade que achega a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos á finalidade deste convenio é de 113.979,58 euros, que se distribúen agora do seguinte xeito: 75.078,12 euros no 2007 e 38.901,46 na anualidade 2008.

A realización deste estudo nace de investigadores do CIMA, da USC e do IFAPA que elaboraron conxuntamente un proxecto sobre a perkinsose, que foi presentado polo Centro de Investigacións Mariñas na convocatoria de axudas a proxectos de investigación no marco do Plan Nacional de I+D+i 2004-2007 do Ministerio de Educación y Ciencia (MEC). A iniciativa foi aprobada e adxudicada a esta entidade solicitante e considerouse necesaria a sinatura dun protocolo de colaboración que estableza as regras de execución entre os equipos participantes das diferentes institucións, así como a distribución e o financiamento entre elas.

O estudo *A perkinsose no litoral español: caracterización das variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hospedador* busca determinar se existen no litoral español outras especies non recoñecidas e linaxes xenéticas diferentes dentro das especies con diferenzas na patoxenicidade, que requirirían un grao de vixilancia e control diferente. Así mesmo, pretende esclarecer as vías de transmisión



da enfermidade no medio natural, algo importante de cara a implementar estratexias de loita, e, tamén, identificar e caracterizar xenes que se expresan e proteínas cuxa síntese se induce na resposta inmune da ameixa fronte á perkinsose.

A perkinsose é unha enfermidade xerada polos parasitos do xénero *Perkinsus* que están presentes nos cinco continentes e que, nalgúns casos, poden provocar unha alta mortalidade dos moluscos. A transcendencia económica que supón a presenza desta enfermidade fixo necesaria a toma de medidas a nivel internacional para impedir a súa expansión e mitigar os seus efectos, de aí o impulso e o interese dos investigadores do CIMA, a USC e o IFAPA na posta en marcha deste estudo. De feito, no litoral español xa se identificaron dúas especies deste parasito que afectan a varias especies de moluscos con interese comercial. En Galicia, en concreto, esta patoloxía pode afectar a ameixa que se produce nas nosas costas, incidindo negativamente no seu crecemento e capacidade reprodutiva, así como repercutindo na súa taxa de mortalidade.

### **Encontro internacional celebrado en Galicia para analizar esta enfermidade**

O equipo de investigación do CIMA, encargado do estudo da perkinsose no litoral español, tamén coordinou en setembro de 2007 a realización do *Taller internacional para a análise do impacto da perkinsose sobre o sector do marisqueo en Europa* que se celebrou no Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) en Vigo. Neste encontro, no que participaron expertos de catro continentes, entre eles produtores, investigadores e representantes da Administración, abordouse a ameaza que supón a perkinsose para o sector marisqueiro de Europa.

Este taller, financiado pola Comisión Europea, supuxo unha boa oportunidade para debater sobre diferentes aspectos desta enfermidade e poder reunir toda a información actualizada posible sobre ela: prioridades de investigación e recomendacións para o sector e as autoridades responsables de saúde animal. Todo este material foi recollido nunha publicación co obxectivo de garantir unha ampla difusión do seu contido.



## **O GOBERNO GALEGO INVISTE 350.000 EUROS NA AMPLIACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DO CASTRO DE SAN AMARO, EN CHANTADA, E DA RUTA DAS ACEAS, EN SARRIA (LUGO)**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios entre a Consellería de Medio Ambiente e os concellos lucenses de Sarria e Chantada, para a execución dos proxectos***
- ***A ampliación da ruta de sendeirismo das Aceas, en Sarria, contará cun investimento de 200.000 euros***
- ***Medio Ambiente destinará 150.000 euros á ampliación e mellora da área recreativa do Castro de San Amaro, no monte de San Lucas***
- ***Ambas as actuacións enmárcanse nas políticas da consellería para a protección, conservación, restauración e mellora dos espazos naturais***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 350.000 euros na ampliación da área recreativa do Castro de San Amaro, no concello de Chantada, e na ruta das Aceas, en Sarria, ambos na provincia de Lugo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios entre a consellería e os concellos de Sarria e Chantada, para a execución dos proxectos.

Ambas as actuacións enmárcanse nas políticas da Consellería de Medio Ambiente para a protección, conservación, restauración e mellora dos espazos naturais, a paisaxe e os elementos singulares de Galicia.

### **Actuación nas Aceas**

Así, Medio Ambiente destinará 200.000 euros á ampliación da ruta de sendeirismo das Aceas, en Sarria, na marxe esquerda do río do mesmo nome, unha zona de gran valor paisaxístico, cultural e natural e utilizada como espazo de lecer polos veciños. Esta obra complementará á xa realizada na marxe dereita do río.

O proxecto incluírá a roza da marxe do río, a fin de mellorar e acondicionar os accesos á zona, a apertura dun sendeiro para uso peonil e a instalación de mobiliario urbano, que incluírá bancos, papeleiras, paneis informativos, varandas e tarimas de madeira nas zonas de maior pendente e instalación de escaleiras de madeira e bordos para a contención do camiño.

### **Recuperación do Castro de San Amaro**

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente investirá 150.000 euros na ampliación e mellora da área recreativa do Castro de San Amaro, no monte de San Lucas, no concello de Chantada. O obxecto da actuación é a recuperación deste espazo natural para uso como zona de lecer dos veciños.

As obras consistirán na roza da maleza do terreo, recollida dos refugallo existentes, instalación dunha condución eléctrica, construción dunha senda peonil e instalación de mobiliario urbano.









## **O CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DE SANTIAGO RECIBIRÁ UN INVESTIMENTO DE 180.000 EUROS DA XUNTA PARA A SÚA AMPLIACIÓN E MELLORA**

- *O proxecto de ampliación prevé duplicar o número de canís existentes, dedicando unha parte destes a zona de illamento ou corentena de animais enfermos*
- *O centro de recollida de animais de Santiago é o único en activo no sur da provincia da Coruña, polo que concentra un gran número de animais*

O centro de recollida de animais abandonados de Santiago contará cun investimento de 180.000 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente para a súa ampliación e mellora. Esta achega realizarase mediante un convenio de colaboración entre a Administración autonómica e o concello de Santiago, encargado da xestión do centro, que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O proxecto de ampliación do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados prevé duplicar o número de canís existentes, dedicando unha parte destes a zona de illamento ou corentena. Así mesmo, prevese a construción dun módulo de canís con dimensións e características semellantes aos actuais, distribuídos a ambos os lados dun corredor central con patios exteriores.

Esta actuación permitirá dar cabida ao elevado número de animais abandonados, tendo en conta que o centro do Concello de Santiago é o único que está en activo no sur da provincia da Coruña. O centro realiza ademais un labor social e divulgativo, coa promoción da adopción de cans, e funcionando ademais como refuxio-escola, coa recepción de visitas de escolares e realización de charlas de sensibilizacións.

A Consellería de Medio Ambiente asumirá o custo total das obras distribuídas en catro anualidades, a primeira este ano, de 6.300 euros, a segunda en 2009, de 29.000 euros, en 2010 por un importe de 108.000 euros e no 2011 cun investimento de 36.6999 euros.